



## **R amplía a súa oferta de entretemento engadindo *Prime Vídeo***

- ***A plataforma de entretemento de R, que xa inclúe Netflix e DAZN con todos os deportes, conta agora tamén con Prime Vídeo.***
- ***O operador galego tamén está a lles dar aos/as clientes/as a oportunidade de obter durante 3 meses unha subscrición de proba a Prime e ao resto de contido de entretemento se contratan o Combo Infinito antes do 30 de setembro.***
- ***O novo lanzamento de R súmase á súa xa extensa selección de películas, series e contido deportivo, que lles brinda aos clientes/as total liberdade para elixir as súas opcións de entretemento favoritas.***

**Mércores, 30 de agosto de 2023.- R, o operador líder do mercado en Galicia,** anuncia o lanzamento dunha nova proposta de valor para que os seus/as súas clientes/as poidan gozar do mellor contido de TV a través das principais plataformas de entretemento do mercado.

A partir de hoxe, os/as clientes/as de **R** poden gozar de *Prime Vídeo* coas mellores series e películas, xunto con Netflix e a plataforma líder de deportes DAZN, que xa formaban parte da oferta do operador. Como parte da subscrición *Prime*, e ademais da oferta de entretemento con *Prime Vídeo*, os membros de *Prime* poden gozar de envío gratuíto en millóns de artigos, escoitar gratis máis de mil millóns de cancións e *podcasts* con *Amazon Music*, acceder de xeito ilimitado a centos de libros e cómics con *Prime Reading*, a contidos e xogos gratis con *Prime Gaming*, ofertas exclusivas como *Prime Day*, entregas de produtos de alimentación con *Amazon Fresh* e *DIA* en Amazon.es nas localidades seleccionadas, e moito máis.

**A nova oferta de contido de R está dirixida a calquera que desexe un paquete de TV completo e flexible, e permite elixir calquera opción de entretemento.**

Esta nova proposta significa que os/as clientes/as poden combinar os servizos de Netflix e *Prime* no seu Combo Infinito ou elixir só Netflix. Os afeccionados ao deporte tamén poden rexistrarse no servizo DAZN (Esencial ou Total) e engadilo ás plataformas de entretemento se o desexan. E todo isto, sempre nunha única factura.

## “Volta ao cole” e tres meses de entretemento sen custo adicional, cortesía de R

Dende hoxe, os/as clientes/as de R teñen a oportunidade de probar calquera das opcións de entretemento e deportes sen custo adicional ningún durante tres meses se contratan o Combo Infinito antes do 30 de setembro, por só 59 € ao mes.

A partir do cuarto mes, o prezo aumentará en función das opcións de entretemento e deportes que elixan os/as clientes/as: 10 €/mes a opción de Netflix; 14 €/mes Netflix + Prime; 18,99 €/mes e 29,99 €/mes DAZN Esencial e Total, respectivamente.

Por un período de tempo limitado e sen custo adicional, R quere que os seus/as súas clientes/as gocen do contido de películas, series e deportes das principais plataformas do mercado, e que poidan seleccionar a opción que mellor se adapte ás súas preferencias.

A nova proposta, xunto con todas as vantaxes do Combo Infinito: velocidade máxima con 300 Mb de fibra MAX, dúas liñas móbiles de 5G con GB ilimitados, unha liña con chamadas ilimitadas e TV Ocio con Deco 4K, significa que R ofrece os servizos de telecomunicacións máis amplos e avanzados do mercado, e ademais permite adaptalos ás necesidades do consumidor.

*"Estamos encantados de engadir Prime Vídeo á gama de contidos que xa lles ofrecemos aos/ás nosos/as cliente/as de Netflix e DAZN. Confiamos en que se sentan libres de gozar realmente das mellores series, películas e deportes, e seguir tendo a mellor experiencia no mercado. Ademais, os/as usuarios/as de R terán acceso á subscripción Prime, que lles brinda grandes vantaxes, como o envío gratuíto en millóns de artigos en Amazon e ofertas exclusivas, entre outros beneficios", dixo Alfredo Ramos, director de R.*



**Manolo,  
necesito  
un tempo**  
2, 3, 4 tempadas mínimo

con R  
**vai ser máis**

ven a R

**NETFLIX** + **prime**

**fibra 300** | **2 liñas GB ilimitados** | **Ocio TV** | **59€** 3 meses  
despois, 73 €

## **R aliase coas principais plataformas do mercado**

*Prime Video* ofrécelles aos seus/ás súas clientes/as unha ampla colección de películas, series e deportes, todos dispoñibles para ver en centos de dispositivos compatibles. Para gozar de series, películas e documentais en galego e en español como, por exemplo, *Culpa miña*, *Sen pegadas*, *Mañá é hoxe*, *O castelo de Takeshi*, *Celebrity Bake Off España* e *LOL: Si te ríes, pierdes*; os gañadores de Emmy *La Maravillosa Señora Maisel* y *Lizzo's Watch Out for the Big Grrrls*, a serie de televisión *The Boys*, un drama satírico de superheroes nomeado aos premios Emmy, e os grandes éxitos AIR, *O Señor dos Aneis: Os aneis do poder*, *Citadel*, *Tom Clancy's Jack Ryan*, *Creed III*, *Shotgun Wedding*, *Némesis*, *13 vidas*, *Todo sobre Ricardo*, *La guerra del mañana*, *Reacher* e *Un príncipe en Nueva York 2*.

Os membros Prime tamén poden acceder a contido con licenza, e engadir canles como Atresplayer, DAZN, LaLiga SmartBank, FlixOlé, MGM+, AMC+, AContra+, MUBI, Hayu, Noggin e Qello Concerts. Ademais, as películas de novo lanzamento están dispoñibles para alugar ou comprar, pódense comprar tempadas completas de programas de TV actuais, e hai ofertas especiais só para os membros de *Prime*.

Unha variada gama de series, películas, documentais e contidos deportivos que lles van permitir aos/ás clientes/as de **R** elixir as opcións de entretemento e/ou deportes que queiran, e ao operador galego continuar impulsando a súa gama de servizos de valor en 2023.

### **comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)